



Consello de Galiza

Buenos Aires, setembro 10 de 1959.-

Señor  
D. César Alvajar Diéguez  
Delegado do Consello de Galiza en París  
Rúe D'Assas 78  
París VI

---

Querido Alvajar:-

Denantes de nada, teño que pedirche varias veces perdón por non habercha contestado catro ou cinco cartas túas, nas que se trataban de problemas políticos moi importantes. A causa de non habelas contestado no seu día, son varias:

1º-A miña mala saude, afeitada de artritis, arterioesclerosis, diabetes e outros alifafes.-

2º-Este ano o mês de Galicia -Santiago- tuvo aquí unha gran resonancia, con motivo de vir Ramón Otero Pedrayo a participar nas clásicas Xornadas Galegas de 1959, traído polo Centro Gallego organizador delas, i-eu participei aitivamente nelas. Ademáis ti ven que participar nas Xornadas de Mar del Plata que tamén foron importantes.-

3º-Fai pouco fún nomeado Asesor Cultural do Centro Lucense de Buños Aires, encargado de dirixir a súa "Cátedra de Cultura Gallega" e de dirixir tamén o seu periódico "Lugo".-

Todo eso, e outras cousas mais, impedíronme poñer ó día a nosa correspondencia i-o noso troque de noticias, cousa que quero reanudar oxe con esta carta de "borrón e conta nova".-

---

E agora vamos por partes: Aprobámos íntegramente, e sin reservas o actuado pola nosa Delegación en París, no entredito entre os vascos, os cataláns e o Goberno da República Española, en exilio. Nosoutros, os galegos, cumplimos lealmente nosos paitos e compromisos cos demáis pobos peninsulares; pero podemos ter, e temos, un idioma propio, para eispresar os nosos puntos de vista; un xeito propio de conducirnos amable e pacíficamente, sin incompatibilidades. E así nos conducimos aquí con Gordón Ordás, e alegrámonos moito de que se conduxeise tamén así, o noso Representante en París. Sobre todo porque non vemos, con referencia a comprensión dos problemas sustanciales de Galicia, pensamentos novos que superen a posición de Gordón Ordás entre os políticos republicanos españoles. E aledámosnos moito de que o problema se resolvese no plano de entendimento e de diálogo, mantido en París polo representante do Consello de Galicia.-

---



Partidos Republicanos A.R.D.: Antes de concretarse e de facerse pública a constitución de A.R.D. recibín en unha carta de Maldonado invitándome a que, como Diputado, firmase o manifesto constitutivo. Contestéille negando esa firma, habida conta de que nós temos unha política propia, o márxen dos partidos españoles; pero señalaba que a nova entidade contaba coa nosa simpatía e co noso apoio, especialmente en Buenos Aires e Montevideo, en caso de constituirse formalmente, xa que, no seu programa están amplamente contemplados os problemas da autodeterminación política das vellas nacionalidades. Desta carta que lle mandei a Maldonado, mandeiche copia atí pro teu personal goberno, Maldonado non me contestou.-

Agora parece que a nova institución tuvo certo éisito en Europa e nalgúns países de América. Aquí en Buenos Aires, non. Porque eiquí, tanto os de Izquierda, coma os de Unión Republicana, son grupos ínfimos, pequenos e mal levados entre sí, incluso con pleitos de menor cuantía na política interna do Centro Republicano Español de Buenos Aires, que é, xenericamente, á "representación oficial" do republicanismo español da Argentina. E que está a punto de dividirse en dous, cada un con casa propias. En cada un dos dous grupos hai algúns galegos, representados, eisi, en xeeral, por Severino Iglesias -Alcalde de Noya, de Izquierda Republicana- e Manuel Miñones Bernárdez, irmán do deputado fusilado, de Unión Republicana. Até agora, e que nós seipamos, aínda non concretaron a fusión dos dous grupos, pra formar a filial do novo Partido. Nós temos con eles eiscelentes relacións, persoales e políticas pero cada cual desde a sua posición.-

Frente a este panorama, tí suxíresnos a comenencia de que, no novo Partido, ahixa galegos galeguistas, capaces de influilo no sentido de ver, entender e contemplar os problemas fundamentais de Galicia. Igual suxerencia me fai o teu fillo Xavier, sempre a reserva do que nós acordemos eiquí, aitude que nós lle agradecemos de todo corazón o teu Xavier, polo que ten de confianza pra nos e de lealtade a Galicia.-

Polo que se refire a túa aitude e a do teu fillo ahí, eisi como á dos galegos que sigan a noya liña en París, nosoutros non podemos nin debemos facervos indicacións. Calesquera que sexa a decisión que tomades, formando parte ou non do novo partido, a nosa confianza en vos, será sempre a mesma, íntegra e absoluta. Mais aínda: Coidamos que sodes vosoutros, os que estades a veira, os que millor podeades decidir de acordo coa realidade política que tedes mais cerca que nós. En ningún caso, nos parecerá mal que integredes o novo partido, senon que cicais sexa comenente, eso sí, que de ser posibel en calidade de galegos.-

Eso pra vosoutros en París. En canto o que se refire ó novo Partido en América, especialmente en Buenos Aires e Montevideo, a nosa aitude, en principio é, como xa lle dixen a Maldonado, de cordial simpatía. As nosas relacións, a nosa axuda e a nosa situación, dependerán de como eles, os do novo partido, aituen aon referencia a Galicia.-



Gobierno Republicano:- Tamén por eiquí circulou o rumor dunha posíbel reorganización do Gobierno Republicano en exilio. Botárono a rodar os socialistas, un grupo de republicanos disidentes con Gordón Ordás, e nono viron con malos ollos os propios comunistas. A tua carta derradeira ven, pois, a chover sobre mollado.-

En xuntanza especial, e moi reservada, tratamos as túas hipótesis, sobre a posíbel participación de algún galego no novo goberno, e chegamos as seguintes, tamén hipótesis:

1º-Creemos que non lle será ofrecido a Galicia, en forma oficial, en paridade con Cataluña i-Euzkadi, ningún Ministerio no Gobierno reorganizado.-

2º-Podería ser que se lle ofrecese un Ministerio a "algún galego", "non como Ministro de Galicia, senon que como ministro español nacido na nosa terra. Neste segundo caso nos non podemos entrar sin salir no asunto, mantendo cando mais a nosa posición aitual fronte o goberno republicano, como institución representativa e continuadora do Orden xurídico e constitucional da República. Tanto da, que o ministro sea Xohan, Pedro ou Pelaió.-

No primeiro caso, si oficialmente se lle ofrecese un ministerio a Galicia, en igual xerarquía que a Euzkadi e Cataluña, a cousa sería fundamentalmente distinta. O noso ministro contaría con verdadeiro apoio popular absoluto das nosas coleitividades de emigrados, especialmente na Arxentina e no Uruguay, con campañas fervorosas, etc.-

Estudiamos tamén -como hipótesis e pra non estar desprevenidos- quen podería ser a persoa pra un ministerio noso. Craro que iso non se resolvería somentes eiquí, habería que consultar a figuras prominentes do galeguismo que residen noutros puntos, tales como Cuba, México, Estados Unidos, e Puerto Rico. Os d-aquí xa lle dimos algunhas voltas ó asunto e chegamos a conclusión de que o indicado serías tí, César Alvajar. Xa veríamos logo con quen e como manteríamos a delegación, mentras tí foses Ministro, e sempre de acordo coas túas suxerencias e indicacións.-

Craro que sento tí ministro parécenos, os que anaizamos ó asunto, que non poderías pertencer a ningún partido hespañol, ao menos mentras estiveses no cárrago.-

Suplícote que fagas conocer esta carta o teu Xavier, mentras que non lle escriba eu, pois temos pra con él algúns proxeitos en perspeitiva, con Ministerio ou sin Ministerio. A súa fidelidade é, certamente, conmovedora.-

---

Do "Bayismo" e de outras cousas: Eu teño, ademáis da tua, unha boa información sobre Bayo, na que se pinta a súa índole de "aventureiro" sin aventura posible! A súa aitude con Gordón Ordás, no asunto de Cuba, causou eiquí solo repugnancia e desprecio universales pra Bayo e pros "Bayistas" si é que os hay.-



En canto a Plá, coñecino persoalmente dende fai 40 anos, eiquí en Buenos Aires. Despois en Galicia, logo en Barcelona durante a guerra civil. Sempre coma un absoluto irresponsabel no orden moral e no orden político. Coqueteou cos comunistas, cos troskistas, cos catalanistas do P.S.U.C., sempre querendo ser galeguista. Total nada. Un "ex". Eu sei, acaso, a causa da sua acedume. El quería ser noso representante en París xa no tempo de Castelao. Pero Castelao que tiña un finísimo "cheiro" político tívolve sempre especial repulsión. El sabíao, e de ahí que cando fala dél no "papel" de marras lle chama "Alfonso Rodríguez".-

Nada. Nada. O que tí dis, nin palabra. Non hai que dar polo pito mais do que o pito vale. Ou como din os arxentinos: "No gastar pólvora en chimangos, animal que no se come".-

E por último -aquí como nas Escrituras os derradeiros serán os primeiros- estamos vendo o xeito de que o antes posibel, recibas unha nova remesa pros gastos mais urxentes. Se non foi aínda, débese a que tamén aquí temos agora pavorosos problemas económicos. Non por olvido nin por falta de desexo e vontade. Esperamos que de unha vés por todas poidamos resolver este problema pra túa e pra nosa tranquilidade.-

E nada mais por oxe. Se non contesto algún punto das tuas derradeiras cartas, dimo, pois escriboche na miña oficina sin telas a vista.-

Saludos fraternos de todos, especialmente de Abraira, pra tí e pra Xavier. Da miña parte unha forte aperta do teu sempre amigo,

Ramón Suárez Picallo